

INFORME 3º ESO B

<p>Bioloxía</p> <p>Válido para 3ºESOA</p>	<p>2ª Avaliación: todos avaliados ata o tema Sistema nervioso-endocrino (dado en clase, pero pendente de exame). Os únicos que non fixeron exame foron os alumnos do desdobre A/B.</p> <p>3ª Avaliación: contactaremos a través da aula virtual do Centro (ou o meu correo), empezando a repasar o tema Nervioso/endocrino. O grupo de desdobre A/B (o que non fixo o exame) comenará a partir do tema Sistema respiratorio. Todos os traballos terán data de entrega e serán avaliados.</p> <p>Libro digital: https://www.blinklearning.com/coursePlayer/curso2.php?idcurso=442369</p>
<p>Música</p>	<p>Os contidos teóricos dados na 2ª avaliación, dos que os alumnos non foron avaliados, <u>non serán avaliados</u> tampouco no 3º trimestre. <u>Si</u> se avaliará no 3º trimestre a última peza práctica de frauta que estivemos traballando, mediante audios/vídeos que enviarán os alumnos ao meu correo.</p> <p>A materia da 3ª avaliación darase como estaba previsto, usando o correo dos alumnos e a Aula Virtual para facerlles chegar a información, actividades e documentación. Se tivesen problemas co acceso á información a través destas canles, coordinarei co titor outros métodos posibles para que estén todos ao día.</p>
<p>Francés</p>	<p>Para a terceira avaliación os contidos serán os das actividades que se vaian colgando no bloque do departamento de Francés na web do Centro. Ante a imposibilidade de saber a duración desta situación, non se pode prever nin programar o que se vai dar. De cara á avaliación só se terán en conta os contidos traballados a teledistancia, quedan excluídas as partes da nota correspondentes á atitude e á expresión oral.</p>
<p>Matemáticas</p>	<p>A 3ª avaliación vai comezar nas unidades de Álgebra, que en gran parte son de repaso, e que xa lles estamos a poñer na aula virtual. Con tarefas para entregar na aula avaliaremos a 3ª, e quizáis tamén con cuestionarios.</p>
<p>Tecnoloxía</p>	<p>Empezaremos os contidos da 3ª avaliación despois de Semana Santa. (O anterior queda avaliado.)</p>
<p>Historia</p>	<p>Falta o exame de Barroco, que xa explicamos na clase. Estes contidos volven a entrar na 3ª. Organizarei un repaso a través da web e faremos un exame.</p>
<p>Educación física</p>	<p>Está na aula virtual o material teórico e as fichas para o terceiro trimestre, todavía faltarían dúas ou tres actividades (elaboración de vídeos).</p> <p>As unidades para o trimestre son a de Orientación deportiva, vallas (esta era do segundo trimestre), triple e lacrosse.</p>

Educación plástica	<p>Os criterios de avaliación serán para terceiro da ESO na materia de Educación Plástica e Visual os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Láminas propostas máis os comentarios incluídos nelas: ata o 60% da nota. 2.- Actitude ante a materia: entrega puntual, acabado, limpeza, etc.: 10% da nota. 3.- Resumos de temas propostos polo profesor (non vale a ordenador): o 30% da nota. <p>Valorarase a capacidade do alumno como motor de autoaprendizaxe, coa axuda de pais e profesores que se concreta na elaboración de resumos dos temas entendendo os contidos e a súa posterior aplicación nas láminas. O alumno ten que adquirir a competencia dixital suficiente que lle permita comunicarse por correo e manexar os diferentes formatos de arquivos máis utilizados.</p>
Lingua galega e literatura Válido para 3ºESOA	<p>A 3ª avaliación de lingua galega e literatura comezará á volta de Semana Santa, o 14 de abril. Partiremos de cero, as actividades dadas antes desa data xa foron traballadas polo alumnado e considéranse xa avaliadas. Dadas as circunstancias, haberá que facer unha adaptación /recorte do currículo, polo tanto, a avaliación farase da seguinte maneira: → Lerán un libro en galego (non ten que ser obrigatoriamente un dos postos este curso, pode ser calquera libro que teñan por casa, dos seus pais, irmáns...)</p> <p>Desa lectura serán avaliados a través dun traballo que mandarán ao meu correo visalba@edu.xunta.es →</p> <p>Terán que seguir traballando as actividades colgadas na páxina web do centro para practicar certos contidos que irán seguindo polo libro de texto (SEXAN NOVOS OU DE REPASO, SEGUNDO DETERMINE A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN) coas aclaracións necesarias que precisen por parte da profesora, a través do correo. →</p> <p>De se avaliar este terceiro trimestre, só se avaliarán eses contidos concretos que se traballen, a través de fichas/exames/traballos que terán que enviar á profesora. → Con esta modificación, as porcentaxes de avaliación tamén deben ser revisadas, polo tanto, quedarán así:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo sobre a lectura (40%) • Fichas/exame sobre gramática (30%) • Traballos/fichas/resumos de literatura/historia da lingua ou sociolingüística (30%)
Física e química	<p>A terceira avaliación comeza no tema de Reaccións químicas (tema 5), formulación incluída.</p>